

FAQ “O TEU XACOBEO”

- **Ata que prazo podo presentar a solicitude?**
 - ▶ Ata o 15 de febreiro de 2019.
- **Podo presentar a documentación en papel?**
 - ▶ De xeito **preferente** a presentación das solicitudes farase por medios electrónicos. Para tal efecto, os solicitantes poderán descargar o formulario normalizado na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). A presentación electrónica é de obrigado cumprimento para as administracións públicas, para as persoas xurídicas, para as entidades sen personalidade xurídica, as persoas representantes delas e as persoas físicas cuxa actividade profesional requira estar colexiado para os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas en exercicio da devandita actividade profesional.
- **Podo actuar a través de representante?**
 - ▶ Si, é posible actuar a través dun representante. A representación poderá acreditarse por calquera medio válido en Dereito. Para tal fin, pero sen carácter obrigatorio, poderase empregar o impreso que se facilita a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- **Que período de execución abarcan os proxectos que podo presentar a esta convocatoria?**
 - ▶ Do **1 de xaneiro de 2019** ao **30 de abril de 2020**.
- **Podo presentar un proxecto que abarque os anos 2019 e 2020?**
 - ▶ Si, sempre e cando remate antes do 30 de abril de 2020.
- **No caso dunha agrupación de concellos, en que liña entrarían?**
 - ▶ Na liña 1.

- **Como se xustifican os aspectos avaliábeis?**
 - ▶ No Anexo III os aspectos avaliábeis deben estar perfectamente identificados e explicados de xeito resumido. Esta explicación resumida debe ser obxecto dunha análise máis profusa na *Memoria detallada xustificativa*, que é obrigatorio achegar. É preciso recordar neste punto que aqueles aspectos puntuables non xustificados dabondo na *Memoria xustificativa e descritiva* non poderán ser obxecto de valoración.

- **Que gastos non entran na subcontratación?**
 - ▶ No concepto de subcontratación non entrarían **aqueles gastos necesarios para que o beneficiario poida cumprir por si mesmo coa finalidade ou obxecto da actividade subvencionada**. A subcontratación non pode superar o 50% da actividade obxecto da subvención.

- **Podo presentar a solicitude para un proxecto que non sexa de nova creación?**
 - ▶ Subvenciónanse exclusivamente proxectos novos e orixinais, que se executen a partir do 1 de xaneiro 2019. Si sería subvencionable unha liña ou sección nova dentro dun proxecto preexistente, que encaixe co obxecto da convocatoria e se execute no prazo establecido.

- **Son subvencionábeis os proxectos que se desenvolvan fóra do territorio de Galicia?**
 - ▶ Non, os proxectos deben desenvolverse no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Aqueles proxectos que se desenvolvan tanto no territorio galego como no exterior poderán obter máis puntos, pero só será subvencionable aquela parte da actuación que se leve a cabo dentro de Galicia.

- **Podo presentar máis dunha solicitude?**
 - ▶ Si, cada solicitante individual ou agrupación pode presentar ata tres solicitudes, correspondentes a proxectos diferentes.

- **No caso dunha agrupación de concellos, como se aplica o criterio poboacional para a determinación da porcentaxe máxima da axuda que figura no artigo 3.3.b)?**
 - ▶ Súmase a poboación dos concellos que constitúen a agrupación.

- **Cabe financiamento privado?**

- ▶ Si, ademais de ser posible, o **financiamento privado é un dos aspectos puntuables** e polo tanto poderá valorarse positivamente [Epígrafes D.4 e D.5 do punto 3 do Artigo 10 da Resolución de 28 de decembro de 2018, publicada no DOG do 14 de xaneiro de 2019].

- **Cabe financiamento privado en especie?**

- ▶ Si, e poderá ser un aspecto puntuable como fonte adicional e segundo o nivel de financiamento que se acredite. Por este motivo é necesario que o valor do doado estea documentado e xustificado.

- **O IVE é subvencionable, pódese incluír no custo da actividade?**

- ▶ Si, agás no caso de empresas en que sexa recuperable.